

# Competemar 2024

Aceleradora de internacionalización de empresas do sector dos produtos do mar



# Competemar 2024



O Programa para a Mellora Competitiva das Empresas do Mar 2024 (Competemar) ten coma obxectivo potenciar e mellorar a competitividade co fin de asegurar o crecemento sostible do sector do mar.

Competemar é unha aceleradora de internacionalización para as empresas galegas da cadea de valor dos produtos do mar, que ofrece un paquete completo de servizos para impulsar o desenvolvemento comercial internacional dotando ás empresas do sector de ferramentas útiles que lle faciliten a toma de decisións na adopción de novas estratexias de comercialización, optimizando os recursos dispoñibles, e que incrementen a súa competitividade nos mercados obxectivo: Francia e Estados Unidos.

A tal fin, establécense varias fases:



## Os beneficios para as empresas participantes son



### Programa formativo.

Un programa intensivo de capacitación en comercio internacional.



### Servizo de coaching.

Servizo de personalizado para o desenvolvemento dun plan de negocio internacional da man de expertos.



### Apoio en intelixencia de negocios e mercado.

Informes sectoriais e de mercado e webinars sobre os mercados obxectivo de Competemar.



### Misións comerciais directas.

Eventos B2B e matchmaking nos mercados obxectivo.



### Cheques de internacionalización e de viaxe de ata 2.000€

Destinados a apoiar a participación nas misións internacionais.



## 1. Formación en Comercio internacional para empresas do mar

DIRIXIDO A

Empresas do sector do mar con ou sen experiencia en internacionalización

FORMATO

5 Talleres prácticos de 4 horas de formación no Hotel Palacio del Carmen

3 MESES



En todas as sesións realizaranse dinámicas prácticas enfocadas en traballar as habilidades e competencias dos/as participantes

## 2. Servicio de coaching individualizado

Para 10 empresas participantes (5 horas de titorización por proxecto).



### 2. TITORIZACIÓN

titorías individuais + servizo de coaching individualizado





## 3. Información de mercados

Tendo en conta as preferencias da industria, Competemar identifica os mercados de Francia e Estados Unidos como os mercados obxectivo.

Elaboraranse informes sobre o sector en cada un dos dous mercados obxectivo, que explorarán as dinámicas de mercado do sector. Ademais, organizaranse webinars sobre os mercados obxectivo de Competemar (seis webinars) para que as empresas podan manterse actualizadas sobre as tendencias e regulacións dos mercados.

## 4. Misións comerciais

Representantes das empresas participantes viaxarán a un mercado obxectivo co fin de explorar oportunidades comerciais, establecer contactos con potenciais socios comerciais, clientes e distribuidores, e promover os produtos alimentarios da empresa nese mercado específico.

Para apoiar ás empresas implementaranse cheques de viaxe de ata 2.000€, destinados a apoiar a participación nas misións internacionais.




### Mercados obxectivo

Completada a análise do sector avanzaouse no estudo do potencial exportador sectorial e, en función da consulta ás empresas do sector mar-industria, completouse a identificación de novos mercados de oportunidade, resultando dos 10 mercados preseleccionados dous mercados estratéxicos:

#### Francia



#### Estados Unidos de América



# Competemar 2024

## COMO PARTICIPAR

Para solicitar formar parte de Competemar 2024 é preciso cumprimentar e enviar o formulario de inscrición.

En base ao formulario completarse unha selección final de empresas participantes, ata un total máximo de 25. Segundo os criterios que se estipulen na convocatoria, accederase ás fases 1 e 3 do programa coma Empresa Excelente. O acceso ás fases 2 e 4 estará limitado a 10 Empresas Élite, escollidas tras completar unha segunda selección en base ao aproveitamento do curso formativo, o potencial de exportación dos participantes e o seu encaixe nos mercados obxectivo. As condicións poden consultarse nas bases da inscrición.

## FORMULARIO DE INSCRICIÓN

### MÁS INFO

[international@clusaga.org](mailto:international@clusaga.org) | 881 023 853

[www.clusteralimentariodegalicia.org](http://www.clusteralimentariodegalicia.org)

